

Efectuaranse 4 pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Cabana de Bergantiños deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

#### . SETIMA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Dolmen non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, de acordo coas recomendacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta da Galicia, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, e para a cal tamén se solicitará a participación da Xunta de Galiza, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.

#### OITAVA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

#### NOVENA : VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 01 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2018, podendo prorrogarse devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

#### DECIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

#### UNDÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicárase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 23 de decembro de 2016

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E  
EQUIPAMENTO

Asdo: XESÚS SOTO VIVERO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE  
BERGANTIÑOS

Asdo.: JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Número 205 /2016

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE (CABANA DE BERGANTIÑOS) E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA

En A Coruña a 30 de decembro de 2016

#### REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015, modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015 pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro D. José Muíño Domínguez, alcalde-presidente do concello de Cabana de Bergantiños

#### EXPOÑEN

1º.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Dolmen de Dombate. En primeiro lugar adquiriu os terreos onde se sitúa o Dolmen e as leiras lindeiras. A continuación, posibilitou a realización das correspondentes campañas de escavación e realizou os estudos e actuacións necesarias para a súa axeitada conservación e en especial das súas pinturas, de extraordinaria valor arqueolóxica. Asimismo construiu un edificio para a súa axeitada protección e outro para a musealización e recepción de visitantes, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do museo.

2.- O Concello de Cabana de Bergantiños leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión cultural e turística do Dolmen, cun modelo de xestión do patrimonio no que os edificios e as actividades complementarias interactúan co espectador para facelo un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura megalítica como reclamo turístico.

3.- O Concello de de Cabana de Bergantiños quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión cultural e turística do Dolmen de Dombate.

4.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias para a posta en valor deste conxunto megalítico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños acordan suscribir o presente convenio, segundo as seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA: OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Cabana de Bergantiños, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE NO ANO 2017

##### SEGUNDA: OBRIGACIÓN DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Cabana de Bergantiños:

##### Metodoloxía do servizo de atención a visitantes.

##### 2.1. TAREFAS XERAIS

- Facilitar a visita ao recinto patrimonial prestando os servizos de guía-monitor.
- Control do tránsito tanto no recinto como nos dous edificios priorizando sobre todo a protección do monumento
- Ofrecer visitas guiadas cada 30 minutos (complementadas co visionado dun documental no centro de recepción e a visita á exposición, réplica...).
- Coordinarse co persoal de seguridade para formar grupos nas visitas guiadas.
- Controlar a utilización de cámaras ou equipos audiovisuais sen flash.
- Responder e aclarar as preguntas e dúbidas dos visitantes.

- Facilitar información turística e cultural (ao comezo e fin de cada visita guiada).
- Elaborar unha estatística de visitas do centro cun libro de control.
- Atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.2. OUTRAS TAREFAS ESPECIFICAS

2.2.1. Conservación e mantemento: o Concello de Cabana de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación, tanto o inmoble coma os bens incluídos no mesmo, non podendo realizar obras no inmoble ou alterar as instalacións do mesmo.

2.2.2. Dinamizar o centro arqueolóxico dentro das actividades do propio museo.

2.2.3. Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións culturais da zona.

2.2.4. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura da zona.

2.2.5. Promover actividades culturais: conferencias, gastronomía da zona, protección do patrimonio etc en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

2.2.6. Establecemento de relacións e contactos con outros centros e museos.

2.2.7. Respetar e coñecer os criterios de acceso e uso do centro de recepción e pavillón do Dolmen de Dombate.

2.2.8. O Concello de Cabana de Bergantiños asume a obrigaón de facer constar a colaboración da Excm. Diputación Provincial de A Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A REALIZAR:

2.3.1. VISITAS GUIADAS NOCTURNAS.

- Como o edificio del pavillón del Dolmen conta con iluminación interior graduable para poder crear distintos ambientes e ten boa acústica, considérase necesario continuar coas visitas nocturnas con música de fondo como actividade diferente e de disfrute das noites de verán.

- As visitas serán levadas a cabo polo Servizo de atención a visitantes e terán 1 hora de duración (de 23.00 a 24.00 horas). Centraranse nos venres e terán o aforamento limitado de 30 persoas.

XULLO: días 7, 14, 21, 28

AGOSTO: días 4, 11, 18, 25

2.3.2. CAMPAÑA DE VISITAS ESCOLARES

- Todos os venres de xaneiro, febreiro, outubro, novembro, decembro. Os meses de marzo, abril, maio e xuño tamén haberá visitas os xoves.

- Con visita guiada adaptada ás idades do alumnado, visionado de documentais e lectura de textos sobre Dombate.

- Contacto con todos os centros de ensino da provincia e coordinación coa sección de Turismo Escolar da Deputación da Coruña.

2.3.3. COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES.

- Deseño e programación das actividades.

- Contacto e negociación coas empresas e profesionais participantes.

2.3.4 CONCERTOS MUSICAIS E VISITAS TEATRALIZADAS

- Levaranse a cabo no exterior, cando o tempo o permita, e no centro de recepción de visitantes cunha tarima provisional para a ocasión.

2.3.5. OBRADOIROS DIVERSOS DE PREHISTORIA E ARTESANÍA ACTUAL.

- Delimitación dun espazo que funcione como “aula de talleres” no Centro de Recepción de visitantes.

- Tamén se poden desenvolver no exterior dos edificios sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

- Empregar o mobiliario dispoñible no centro e complementalo co dispoñible no concello.

2.3.6. ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E FORMATIVAS

- Convidar a científicos, arqueólogos, biólogos... para que acheguen máis información e diferentes puntos de vista sobre Dombate.

- Aproveitar a pantalla e o auditorio do Centro de Recepción para charlas, presentación de libros, cursos...

2.3.7. EVENTOS DEPORTIVOS

- Organizar eventos deportivos e de turismo activo que leven por nome o Dolmen de Dombate.

- Procurar que se poidan desenvolver na contorna ou preto do Centro Arqueolóxico.

2.3.8. CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE DE TODAS AS ACTIVIDADES

- Campaña de difusión na prensa escrita, radio, redes sociais... para que o maior número de xente posible estea informada das actividades de Dombate.

- Manter un diálogo constante con todos os interesados a través das redes sociais para compartir información ou responder a preguntas en tempo real.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSONAL E HORARIO

O Servizo de Atención a Visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ó amparo do establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto de Contratos do Sector Público. En ningún caso o personal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao publico será como mínimo:

TEMPADA BAIXA (xaneiro, febreiro, outubro, novembro, decembro):

A atención a visitantes centrarase nos fins de semana e se reservara os venres para que os centros educativos poidan participar das visitas guiadas. En tempada baixa, a xornada será de 6 horas tendo en conta o horario escolar e o cambio de horario no outono e inverno:

De venres a domingo (10.30 h. a 14.00 h.// 16.00 h. a 18.30 h.)

Nota: Do 12 ao 15 de outubro (ponte do Pilar) e do 6 ao 10 de decembro (ponte da Constitución), haberá servizo de visitas guiadas todos os días. O 1 de xaneiro descansará o persoal de atención ós visitantes.

TEMPADA EXCURSIÓNS DE PRIMAVERA (marzo, abril, maio, xuño):

Debido á maior concentración de excursións nestes meses, se ampliará os días de visitas guiadas semanais (xoves e venres). Ademais, co horario de verán, se ampliará as horas de visita guiada (7 horas/ día):

De xoves a domingo (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

Nota: En Semana Santa (do 8 ao 16 de abril), haberá servizo de visitas guiadas todos os días.

TEMPADA ALTA (xullo, agosto e setembro):

De luns a domingo (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

Para os visitantes en xeral e excursións organizadas porase a disposición do público un teléfono de atención a visitantes con cita previa de luns a vernes en horario de 09.00 a 14.00 horas: **981 75 40 20**

Tamén se poderá reservar cita por escrito cun formulario de inscrición a través de fax 981 75 42 29 ou correo electrónico no Departamento de Cultura, Educación e Turismo: **cultura.concello@gmail.com**

CUARTA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a cantidade de 60.000 euros en concepto de prestación dos servizos de atencion de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, con cargo á aplicación presupuestaria 0620/3362/22609

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a aportación correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

|       |                    | VISITAS<br>ESCOLARES E<br>NOCTURNAS | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:                                                                                                                                        |                    |                |
|-------|--------------------|-------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|----------------|
| MES   | VISITAS<br>GUIADAS |                                     | Música, teatro, eventos deportivos, obradoiros, actividades de divulgación, formativas...                                                                           | CAMPAÑAS<br>PRENSA | COORD<br>ACTIV |
| XAN   | (54 h) 851,04 €    | (18 h) 283,68 €                     | BLOQUE 1. INVERNO DA MEMORIA<br>1750 € (Gravacións, edición e difusión de tradición oral)                                                                           | 1000 €             | 1800 €         |
| FEB   | (48 h) 756,48 €    | (24 h) 378,24 €                     |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| MAR   | (56 h) 882,56 €    | (70 h) 1103,20 €                    |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| ABR   | (105 h) 1654,8 €   | (42 h) 661,92 €                     | BLOQUE 2. PRIMAVERA DAS LETRAS<br>3950 € (Dombate fonte de inspiración da literatura)<br>1500 € (Arqueociclismo. Ruta cicloturística)                               | 1000 €             | 1800 €         |
| MAI   | (56 h) 882,56 €    | (56 h) 882,56 €                     |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| XUÑ   | (56 h) 882,56 €    | (70 h) 1103,20 €                    | BLOQUE 3. VERÁN CULTURAL<br>250 € (Ruta das estrelas)<br>4050 € (Visitas teatralizadas)<br>7235,6 € (IV Carreira popular)<br>3500 € (II Simposio Dolmen de Dombate) | 1000 €             | 1800 €         |
| XUL   | (217h) 3419,92 €   | (4 h) 63,04 €                       |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| AGO   | (217h) 3419,92 €   | (4 h) 63,04 €                       |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| SET   | (210h) 3309,6 €    |                                     |                                                                                                                                                                     | 1000 €             | 1800 €         |
| OUT   | (60 h) 945,6 €     | (24 h) 378,24 €                     | BLOQUE 4. OUTONO DO PATRIMONIO<br>1000 € (Celebración Verán de san Martiño)<br>900 € (Saberes e sabores)                                                            | 1000 €             | 1800 €         |
| NOV   | (48 h) 756,48 €    | (24 h) 378,24 €                     |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| DEC   | (84 h) 1323,84 €   | (18 h) 283,68 €                     |                                                                                                                                                                     |                    |                |
| TOTAL |                    |                                     |                                                                                                                                                                     |                    | 60.000 €       |